

## **ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17 DE XANEIRO DE 2011.**

### BENESTAR SOCIAL

- 1.- Dar conta dos contratos menores realizados no departamento de Benestar Social no mes de decembro de 2010. Expte. 59185/301.

### CONTRATACION

- 2.- Adxudicación do servizo de mantemento da sinalización horizontal e vertical. Expte. 74838/210.
- 3.- Autorización “Pazo de Congresos de Vigo, S.A.” para a modificación dos seus estatutos. Expte. 3466/241.
- 4.- Devolución de garantías:
  - a) Movexvial. Expte. 3432/241
  - b) Linorsa. Expte. 3506/241.
  - c) Sercoysa. Expte. 3504/241
  - d) Cespa. Expte. 3465/241.
  - e) Trobeiro. Expte. 3505/241.
  - f) SPIM. Expte. 3490/241.

### OSPIO

- 5.- Aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, aceptación do Plan de xestión de residuos e nomeamento da dirección facultativa da obra “Acondicionamento de muro de contención en Gonderán”. Expte. 1817/443.

### RECURSOS HUMANOS

- 6.- Gratificación por servizos especiais e extraordinarios ó persoal de diversos servizos, correspondentes aos meses de xullo e novembro 2010. Expte. 20331/220.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

- 7.- Renovación da autorización de cedro ante a consellería de sanidade, segundo decreto 12/2009. Expte. 59265/301.
- 8.- Manter o descanso obrigatorio de autotaxis e propoñer ó pleno unha prorroga do descanso obrigatorio de autotaxis da cidade de Vigo. Expte. 78050/210.

- 9.- Desestimación do recurso de reposición presentado por D. Pedro Trepal silva, en representación do colexio oficial de psicólogos de Galicia, contra as bases do proceso selectivo para a provisión con carácter interino dunha praza de técnico de igualdade. Expte. 21740/220.
- 10.- Plan de seguridade e saúde das obras do “proxecto de reforzo de estrutura de forxado na praza do progreso”. Expte. 5250/551.
- 11.- Rogos e preguntas.

#### **DECRETO DE CONVOCATORIA**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ordinaria na súa Sala a **continuación do Pleno Extraordinario (Area Metropolitana) convocado para ás 9,00 h.** (en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois) en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; ao titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, ao titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local e ós demais membros dos grupos políticos municipais do PSdG-PSOE e BNG. Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

Vigo, 13 de xaneiro de 2011.

am.

O ALCALDE,

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA  
XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez

Isaura Abelairas Rodríguez.